



C O N C E L L O

DE

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

D. JOSÉ MARIA SANTALÓ RODRÍGUEZ, SECRETARIO DO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES, PROVINCIA DE PONTEVEDRA

C E R T I F I C A : Que o pleno deste concello, na sesión ordinaria celebrada pola corporación municipal o día vinte e seis de abril de dous mil dezaioito, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“7.- APROBACIÓN DUN PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO POLO INCUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO NA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2017.- A corporación, a proposta da Alcaldía e co informe favorable do secretario-interventor, acorda por unanimidade aprobar o seguinte:

“PLAN ECONÓMICO – FINANCEIRO 2018 PARA OS EFECTOS DO CUMPRIMENTO DA REGRA DO GASTO

CONTIDO

1. Introducción
2. Contido e tramitación
3. Situación actual
4. Causas do incumprimento da Regra do Gasto
5. Medidas a adoptar para corrixir a situación
6. Conclusión

1.INTRODUCCIÓN

A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das entidades locais someteranse aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coherente coa normativa europea e de conformidade co establecido nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF).

Entenderase por Estabilidade Orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural. De acordo co artigo 11.3 e 11.4 da LOEPSF, as corporacións locais non poderán presentar déficit estrutural, definido como déficit axustado ao ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais.

Igualmente, deberase cumprir co principio de Sustentabilidade Financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial de acordo co establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Finalmente, avaliarase o cumprimento da Regra do Gasto, para os efectos que a variación do gasto computable non supere a taxa de referencia do crecemento do produto interior bruto, publicada polo Ministerio de Economía e Competitividade (2,1% para 2017).

Por Resolución de Alcaldía do 26 de febreiro de 2018 apróbase a liquidación do



C O N C E L L O
D E
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

orçamento municipal 2017; no informe de Secretaría-Intervención que obra no expediente ponse de manifesto o incumprimento da Regra do Gasto.

Este feito implica a necesaria formulación dun Plan Económico- Financeiro que permita, ao ano en curso e o seguinte, o cumprimento da regra de gasto, de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da LOEPSF.

2. CONTIDO E TRAMITACIÓN

De acordo co artigo 21 da LOEPSF, o Plan Económico-Financeiro conterà, como mínimo, a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento do obxectivo de estabilidade e a regra de gasto.
- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extrapresupuestarios en que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, de acordo co previsto no informe a que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

O artigo 116 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) engade que cando por incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, as corporacións locais incumpridoras formulen o seu plan económico-financeiro farano de conformidade cos requisitos formais que determine o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

O apartado segundo do devandito artigo dispón que, adicionalmente ao previsto no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, o mencionado plan incluírá polo menos as seguintes medidas:

- a) Supresión das competencias que exerza a Entidade Local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.
- b) Xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir os seus custos.
- c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local.
- d) Racionalización organizativa.
- e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
- f) Unha proposta de fusión cun municipio lindeiro da mesma provincia.

**C O N C E L L O**

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

O Plan Económico-Financeiro será presentado no prazo máximo dun mes desde que se constate o incumprimento ante o Pleno da Corporación, quen deberá aprobalo no prazo máximo de dous meses desde a presentación e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses desde a constatación do incumprimento.

Ademais, remitirase para o seu coñecemento á Comisión Nacional de Administración Local e daráselle a mesma publicidade que a establecida polas leis para os Orzamentos da entidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dará publicidade aos plans económico -financeiros e á adopción efectiva das medidas aprobadas cun seguimento do impacto efectivamente observado das mesmas.

3. SITUACIÓN ACTUAL

O Concello de Fornelos de Montes corresponde a un municipio de poboación inferior a 2.000 habitantes que actualmente carece de organismos e entidades dependentes.

A liquidación do orzamento municipal 2017 ofrece as seguintes magnitudes:

A) RESULTADO ORZAMENTARIO:

| | |
|------------------------------------------------------------|--------------|
| 1.- Dereitos recoñecidos netos | 1.964.809,12 |
| 2.- Obrigas recoñecidas netas | 1.927.393,89 |
| 3.- Resultado orzamentario | 37.415,23 |
| 4.- Desviacións positivas de financiamento | 24.634,31 |
| 5.- Desviacións negativas de financiación | 1.394,83 |
| 6.- Gastos financiados con remanente líquido de Tesourería | 0,00 |
| Resultado orzamentario axustado (3-4+5+6) | 14.175,75 |

B) REMANENTE DE TESORERÍA:

| | |
|------------------------------------------------------------|------------|
| 1.- (+) Fondos líquidos de Tesourería fin exercicio | 443.728,13 |
| 2.- (+) Dereitos pendente de cobro a fin do exercicio | 902.497,86 |
| (+ De orzamento de ingresos. Orzamento corrente | 393.248,62 |
| (+ " " " " Orzamentos cerrados | 371.531,19 |
| (+ De outras operacións non orzamentarias | 137.718,05 |
| (-) Ingresos realizados pendentes de aplicación definitiva | 126.695,66 |
| 3.- (+) Obrigas pendente de pago en fin de exercicio | 614.556,19 |
| (+ De Orzamento de gastos. Orzamento corrente | 182.728,21 |
| (+ De Orzamento de gastos. Orzamento cerrados | 351.894,41 |
| (+ De outras operacións nos orzamentarios | 79.933,57 |
| (-) Pagos realizados Ptes aplicación definitiva | 17.583,59 |
| I. Remanente de Tesourería Total (1+2-3) | 572.487,73 |



C O N C E L L O
D E
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

| | |
|-----------------------------------------------------------|------------|
| II. Saldos de dudoso cobro | 338.707,68 |
| III. Exceso de financiación afectada | 32.762,14 |
| IV. Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (I-II-III) | 201.017,91 |

Do anterior, o informe de Intervención de data 28 de febreiro de 2017 realiza os seguintes cálculos:

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA:

A corporación local cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria:

Ingreso non financeiro: 1.915.998,33 euros

Gasto non financeiro:..... 1.877.893,89 euros

Axustes:

Recadación ingresos Cap. I: -18.466,83 euros

Recadación ingresos Cap. II: 0,00 euros

Recadación ingresos Cap. I: -10.248,43 euros

Axuste Liquid. PTE 2008: +0,00 euros

Axuste Liquid. PTE 2009:

Axuste Liquid. PTE outros exercicios +10.672,91 euros

Capac/ Nec. Financiamento: 20.062,09 euros

A estabilidade orzamentaria ha de entenderse como a situación de equilibrio ou de superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

En ausencia de definición legal vén entendendo que o equilibrio orzamentario en termos de SEC-2010, determínase a través dos ingresos e os gastos non financeiros, é dicir, que todo o gasto dos capítulos 1 a 7 deben financiarse cos ingresos dos mesmos capítulos, co que resulta que os capítulos 8 e 9 de gastos deben equipararse cos mesmos capítulos do orzamento de ingresos. Ao cubrir gastos non financeiros con recursos financeiros rompe o principio de estabilidade orzamentaria posto que os Capítulos Financeiros de Ingresos 8 e 9 financiarán exclusivamente os Capítulos Financeiros de Gastos 8 e 9: a variación de ingresos procedentes dos activos e pasivos financeiros servirán para financiar exclusivamente os gastos por variación de activos e pasivos financeiros.

A situación final que se observa, en termos de contabilidade nacional, é de capacidade de financiamento.

REGLA DE GASTO:

Suma capítulos 1-7 de gastos 1.876.198,36 euros.

Empregos non financeiros SEC
agás xuros da débeda:

Gasto financiado con fondos
finalistas:

De Xunta de Galicia: -313.432,84 euros

**C O N C E L L O**

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

| | |
|-----------------------------------------------------|--------------------|
| De Deputación | -597.637,86 euros. |
| De outras Admons. Públicas | 0,00 euros. |
| Total Gasto computable do exercicio: | 965.125,66 euros. |
| Incrementos ou diminucións por cambios normativos | |
| Taxa de referencia e limite da Regra de Gasto 2017: | 902.454,46 euros |

| | |
|-------------------------------------------------------------------------|-----------------|
| Diferenza entre límite da regra de gasto e o gasto computable Pto. 2017 | 62.673,20 euros |
| % incremento gasto computable 2017 s/2016 | 9,19 % |

A xuízo desta Secretaría-Intervención, o incumprimento da Regra de Gasto debese exclusivamente ao retraso na xustificación dun investimento de 2016 (Adquisición de camión con grúa financiado en parte cun préstamo de 49.500 euros) que obrigou a incorporar o remanente a 2017 para o seu pago en dito exercicio, non sendo necesario para volver a una situación de equilibrio e cumprimento da Regra de Gasto en 2018 adoptar medida ningunha.

SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA

A corporación, tras recoñecer obrigas pola totalidade dos préstamos existentes en 2017, si ven en parte aínda non foron pagados, concertou anticipos para investimentos coa Deputación por importe de 49.500,00 euros.

4. CAUSAS DO INCUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE E DA REGLA DE GASTO

O Orzamento 2017 foi aprobado cumprindo o obxectivo de **estabilidade** previsto na LOEPSF.

Polo que se refire á **regra de gasto**, a modificación dos artigos 15.3 c) e 16.4 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira mediante Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, supón que non é preceptivo o Informe do Interventor local sobre o cumprimento de Regra de Gasto en fase de elaboración do Orzamento, estando só previsto como informe en fase de liquidación do orzamento. Con todo, si é necesario que a intervención achegue ao expediente do orzamento o informe sobre as previsións de cumprimento da Regra de Gasto no momento da liquidación do mesmo.

De acordo con canto antecede e á vista dos cálculos realizados, o informe de Intervención poñía de manifesto que o proxecto de Orzamento 2017 cumpría coa regra de gasto, de modo que se o mesmo executábase nos termos que se propoñía aprobar sen adopción de medidas adicionais, a liquidación do orzamento 2017 viría determinada polo cumprimento da regra de gasto.

1. Mediante diversos acordos da xunta de goberno local durante 2017 aprobáronse expedientes de modificación de créditos mediante xeración de ingresos que non

**C O N C E L L O**

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

afectaron á estabilidade nin á regra de gasto.

2. O incumprimento dá Regra de Gasto debese exclusivamente ao atraso na xustificación dun investimento de 2016 (Adquisición de camión con guindastre financiado en parte cun préstamo de 49.500 euros) que obrigou a incorporar ou remanente a 2017 para ou seu pago en dito exercicio. De poderse recoñecer a obrigación en 2016, o gasto computable no devandito exercicio pasaría de 883.892,71€ a 933.392,71 € (49.500 .00 € mais) e o límite da regra de gasto para 2017, co incremento do 1,8% sería de 950.193,78 €. Por outra banda, o gasto computable do exercicio 2017 descendería de 965.125,66 € a 910.625,66 € (49.500,00 euros menos), co que se cumpriría sobradamente coa regra de gasto

5. MEDIDAS A ADOPTAR PARA CORRIXIR ASITUACIÓN

Unha vez analizada a situación da Corporación a 31/12/2017, resulta incumprimento da regra de gasto derivado exclusivamente do atraso na entrega do camión con guindastre, que debeu efectuarse en 2016 e non en 2017.

Tendo en conta as magnitudes que ofrece o Resultado Orzamentario do exercicio e o Remanente de Tesourería, parece evidente a situación saneada da entidade; son, ademais, magnitudes que expresan a realidade fiel da situación financeira municipal por canto os fondos líquidos a 31/12 (443.728,13€) superan sobradamente o Remanente de Tesourería para gastos xerais (201.017,91€).

O incumprimento foi convenientemente tomado en consideración no momento de elaborar o Orzamento municipal para 2018 de modo que este foi aprobado cumprindo o principio de estabilidade e a regra de gasto, á vista dos datos da previsión da liquidación 2017 que se mantiveron na liquidación finalmente aprobada.

Orzamento exercicio 2018**ESTADO DE GASTOS**

| Capítulos | DENOMINACIÓN | Euros |
|---------------------------------|-------------------------------------------|---------------------|
| A) OPERACIÓNS CORRENTES | | |
| 1 | Gastos de persoal | 479.148,54 |
| 2 | Gastos en bens correntes e servizos | 580.247,09 |
| 3 | Gastos financeiros | 2.000,00 |
| 4 | Transferencias correntes..... | 54.571,10 |
| B) OPERACIÓNS DE CAPITAL | | |
| 6 | Inversións reais | 319.883,27 |
| 7 | Transferencias de capital | 4.650,00 |
| 8 | Activos financeiros | 0,00 |
| 9 | Pasivos financeiros..... | 49.500,00 |
| | SUMA TOTAL DE GASTOS | 1.490.000,00 |

ESTADO DE INGRESOS

| Capitulo | DENOMINACIÓN | Euros |
|--------------------------------|---------------------------|--------------|
| A) OPERACIÓNS CORRENTES | | |
| 1 | Impostos directos | 340.500,00 |
| 2 | Impostos indirectos | 30.000,00 |



C O N C E L L O
DE
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

| | | |
|------------------------------------|-------------------------------------|---------------------|
| 3 | Taxas e outros ingresos | 139.795,32 |
| 4 | Transferencias correntes..... | 655.071,41 |
| 5 | Ingresos patrimoniais | 100,00 |
| B) OPERACIÓN DE CAPITAL | | |
| 6 | Alleamento de inversións reais..... | 0.00 |
| 7 | Transferencias de capital | 275.033,27 |
| 8 | Activos financeiros | 0.00 |
| 9 | Pasivos financeiros..... | 49.500,00 |
| SUMA TOTAL DE INGRESOS..... | | 1.490.000,00 |

Os cálculos realizados para a súa formación prevén o cumprimento do principio de estabilidade nun escenario de desenvolvemento normal de execución de ingresos (de correntes e pechados).

Polo que se refire á regra de gasto, coa flexibilización do cálculo de mesma, subordinado ao principio de estabilidade e considerándoa unha regra fiscal correctora do ciclo económico das Corporacións locais, o límite de gasto computable para o exercicio 2018 ten como punto de partida o de 2017 a pesar de que este último hai superado o límite de gasto co que se contaba inicialmente para esa anualidade.

Deste xeito, a marxe no que nos movemos en 2018 é o seguinte:

| | |
|-------------------------------------------------|---------------------|
| GASTO COMPUTABLE 2017 | 1.023.688,58 |
| <i>Tasa implícita de crecemento 2018 (2,4%)</i> | 1.048.257,11 |
| LÍMITE GASTO COMPUTABLE 2018 | 1.048.257,11 |
| GASTO COMPUTABLE PRESUPUESTO 2018 | 1.047.127,62 € |
| DIFERENCIA | 1.129,49 € |

Non se considera necesaria a adopción de medidas relativas á organización e funcionamento de servizos, modificacións normativas encamiñadas ao aumento de ingresos ou calquera outra das medidas adicionais a que se refire o artigo 116.bis.2 LRBRL.

6.CONCLUSIÓN

Analizada a situación económica da Corporación derivada da liquidación do orzamento 2017, podemos afirmar que, en xeral, as magnitudes orzamentarias son positivas.

É por iso que o plan económico – financeiro elaborado presenta como única



C O N C E L L O

DE

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

medida de corrección a aprobación do orzamento municipal para o exercicio 2018 cumprindo cos principios de estabilidade orzamentaria e regra do gasto.

Non se adoptan medidas máis aló dese prazo cumprido o cal, se os obxectivos son alcanzados, darase por finalizada a aplicación do Plan. En caso de resultado negativo deberán adoptarse medidas complementarias para garantir o cumprimento en 2019.

A estes efectos, á vista dos resultados da liquidación de 2018, emitirase por Secretaría-Intervención informe de seguimento do que se dará conta ao Pleno para a adopción das decisións que corresponda.”

E para que así conste, e para os efectos oportunos, expido a presente, coa reserva que establece o artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de 28 de novembro de 1986, por orde e co visto e praxe do Sr. alcalde, en Fornelos de Montes, a vinte e seis de abril de dous mil dezaioito.

Vº e pr.

O ALCALDE

Emiliano Lage Rodríguez

